



MEMORIA TACGAL



I. PRESENTACIÓN

Balance xeral do 2023

O ano 2023 representa o sexto de funcionamento do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal).

Como primeiro dato podemos sinalar que nese 2023 hai unha mínima variación no número de recursos presentados con respecto ao ano anterior, se ben manténdose en cifras considerables que nos mostran a utilidade desta vía impugnatoria e a confianza que na mesma e tamén neste Tribunal teñen os licitadores e resto de actores lexitimados para a súa interposición. Como mostran os datos estatísticos reflectidos nesta memoria, os prazos de tramitación e resolución deste TACGal continúan en niveis francamente reducidos e con mínimas variacións dun ano a outro, que nos permite entender cumprido o compromiso de celeridade que require esta vía impugnatoria especial.

Esta celeridade na tramitación proxectouse tamén respecto das impugnacións de licitacións con financiamento específico incluídas no ámbito establecido no artigo 58 do Real decreto lei 36/2020, dado o seu carácter urxente e preferencia absoluta para resolver o recurso especial.

Corresponde aquí mostrar o meu agradecemento aos integrantes do TACGal e ao persoal da oficina administrativa, pois o seu esforzo posibilita manter o correcto funcionamento deste Tribunal .

Agradecer especialmente os servizos prestados á Ana Maria de Frutos Martínez, que finalizou o mandato legalmente previsto de seis anos como Vogal-Secretaria deste Tribunal Administrativo.

Tomás Otero Ferreiro

Presidente do TACGal



II. PERSOAL E ORGANIZACIÓN

O Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia está composto por un presidente e dous vogais, aos cales lles corresponde a análise e resolución de cantas cuestións se someten ao coñecemento do mesmo, así como as que derivan da súa actuación.

Un dos vogais realiza ademais as funcións da Secretaría do Tribunal.

Medios persoais

Ademais dos integrantes do Tribunal, na Relación de Postos de Traballo vixente da Consellería de Facenda e Administración Pública figuran os seguintes postos con destino no TACGal: unha "xefatura de servizo Técnico de Apoio", un "coordinador/a de tramitación de recursos especiais" e unha "xefatura de negociado". Unicamente a praza de xefatura de negociado se atopa cuberta en propiedade.

III. PUBLICIDADE

Resolucións/Doutrina

As resolucións ditadas teñen publicidade periodicamente na propia páxina web do TACGal:

<https://tacgal.xunta.gal>

Igualmente, dende o seu primeiro ano de funcionamento, este Tribunal aprobou as correspondentes memorias anuais de actividade, as cales constan igualmente publicadas na mesma páxina web. Tamén publicou no ano 2023 unha memoria resumo dos primeiros 5 anos de actividade do Tribunal, cun compendio doutrinal.



A citada páxina permite, ademais, a propia presentación electrónica dos recursos a través dos correspondentes enlaces a cada un dos procedementos.

En reciprocidade e coordinación, na páxina se facilitan os enlaces a outros Tribunais análogos existentes.

Memorias anteriores

Memoria 2018-2022

<https://ficheiros-web.xunta.gal/tacgal/memorias/memoria2018-2022.pdf?t=20231113>

Memoria 2022

<https://ficheiros-web.xunta.gal/tacgal/memorias/memoria2022.pdf?t=20231113>

Memoria 2021

<https://ficheiros-web.xunta.gal/tacgal/memorias/memoria2021.pdf?t=20220411>

Memoria 2020

<https://ficheiros-web.xunta.gal/tacgal/memorias/memoria2020.pdf?t=20210528>

Memoria 2019

<https://ficheiros-web.xunta.gal/tacgal/memorias/memoria2019.pdf?t=20200525>

Memoria 2018


<https://ficheiros-web.xunta.gal/tacgal/memorias/memoria2018.pdf?t=20190304>



IV. DATOS E ESTADÍSTICAS 2023

- V.1. Número de recursos presentados**

O número de recursos presentados no ano 2023 ascendeu a 240. O seguinte cadro reflicte a distribución mensual de entrada de recursos:






- **V.2. Número de recursos resoltos e de resolucións ditadas**

No 2023 o TACGal resolveu 241 recursos especiais mediante a adopción de 229 resolucións. De entre estas, por razón do financiamento específico nalgunhas contratacións impugnadas, correspondeu ditar 20 resolucións cos pronunciamentos previstos no artigo 58 do Real decreto-lei 36/2020. Tamén se ditaron 7 resolucións doutra tipoloxía.

Por outro lado, tamén se ditaron 87 resolucións de medidas cautelares.

- **V.3. Resultado dos recursos**

Resultado dos recursos





Dos 241 recursos resoltos no ano 2023, o 46 % foron de carácter desestimatorio, o 33% de estimación (23% estima total, 10% estima parcial) e o 17% de inadmisibilidade. Sinalar que, entre os recursos inadmitidos están aqueles que, unha vez interpostos e sendo por si admisibles, resultaron carentes de obxecto pola actuación ulterior do órgano de contratación, que satisfixo a pretensión impugnatoria de forma allea ao recurso.

Finalmente hai un 4% de outros, correspondentes aos casos en que se produciu a desistencia dos recorrentes.

Se acudimos ao concepto "taxa de éxito" do recurso, entendida como a porcentaxe de estimacións, totais ou parciais, respecto dos asuntos onde se entrou no fondo (isto é, excluindo inadmisións e outros), foi do 41% no ano 2023.

Por outro lado, o artigo 57.4 LCSP esixe ao órgano de contratación que deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para darlle cumprimento ás resolucións estimatorias, obriga que se fai constar expresamente nas resolucións. Pois ben, unicamente no 38 % desas resolucións estimatorias, totais ou parciais, o TACGal recibiu tal comunicación ulterior, algo que reiteradamente é obxecto de crítica por este Tribunal e que impide entender que os órganos de contratación estean dando cumprimento de forma xeral a este expreso mandato legal, contido na LCSP.

- **V.4. Valor estimado agregado**

A suma do valor estimado das contratacións obxecto de recurso ante o TACGal no 2023 foi de 1.799.520.026 €.

- **V.5. Tempo de tramitación dos recursos**

A media de días naturais transcorridos desde que se interpuxo o recurso especial ata que se resolveu e notificou esa resolución foi de 22 días naturais e se atendemos só aos días hábiles, esa media baixaría a 15 días hábiles. Vemos



entón que os tempos de tramitación do procedemento impugnatorio se axustan aos esixentes parámetros de celeridade deste recurso especial.

Como establece a Lei de Contratos do Sector Público, unha vez interposto o recurso especial no TACGal o primeiro é requirirille ao órgano de contratación o expediente e o preceptivo informe. O tempo medio de achega desa documentación foi de 6 días hábiles desde o requirimento efectuado ao órgano de contratación.

Finalmente, unha vez recibido este expediente e informe, o prazo medio empregado para ditar e notificar a resolución do TACGal a partir desa recepción foi de 9 días hábiles. Sinalar aquí que o trámite de audiencia aos licitadores por cinco días hábiles, cando corresponde, insírese nese período.


- **V.6. Sector público recorrido**

O ámbito de competencia do TACGal abarca á Xunta de Galicia, entidades locais e universidades galegas, así como os sectores públicos correspondentes.

Nese sentido, o número de recursos por sectores no ano 2023 foi:

- Ámbito local: 120
- Sector autonómico: 110
- Universidades: 7
- Outros: 4


As porcentaxes entón son as seguintes:



Dentro destes, ten relevancia cualificada o número referido á Administración sanitaria, concretamente ao Servizo Galego de Saúde, que representou o 23 % dos recursos totais e o 50 % dos procedentes da Administración autonómica.

- **V.7. Tipo de contratos impugnados**

Se atendemos á tipoloxía dos contratos impugnados resultan as seguintes porcentaxes:




Apréciase un maior volume de recursos nas licitacións de contratos de servizos (62 %) e lle seguen as subministracións (33 %) e as concesións de servizo (5 %). Salientar neste sentido a nula presentación de recursos contra contratos de obras, directamente relacionado cos limiares de impugnación establecidos polo lexislador no artigo 44 LCSP.



• V.8. Actos impugnados

Mediante os recursos especiais do ano 2023 se impugnaron 62 adxudicacións, 77 exclusións e 75 pregos de licitacións así como 27 actos de trámite, que se reflicten de xeito porcentual:





• **V.9. Multas**

O artigo 58.2 LCSP recolle:

“2. No caso de que o órgano competente aprecie temeridade ou mala fe na interposición do recurso ou na solicitude de medidas cautelares, poderá acordar a imposición dunha multa ao seu responsable.

O importe da multa será de entre 1.000 e 30.000 euros e a súa contía determinarase en función da mala fe apreciada e do prexuízo ocasionado ao órgano de contratación e aos restantes licitadores, así como do cálculo dos beneficios obtidos.

O importe da multa imposta ingresarase en todo caso no Tesouro público.

As contías indicadas neste número poderán ser actualizadas mediante orde do ministro de Facenda e Función Pública.”

No ano 2023 o TACGal viuse na obriga de impoñer unha multa, ao estarmos nun suposto legalmente establecido nese aspecto.

• **V.10. Resolucións TACGal recorridas na xurisdición contencioso-administrativa**

No 2023, a litixiosidade consolidada contencioso-administrativa respecto ás resolucións do TACGal está no **4%** (excluimos os casos de inadmisibilidade xudicial ad limine litis firmes ou as desistencias en tal vía xudicial).

• **V.11. Reunións de coordinación dos Tribunais administrativos de recursos contractuais**

A disposición adicional vixésimo terceira LCSP menciona:



“Os diferentes órganos de recurso que se creen acordarán as fórmulas de coordinación e colaboración máis adecuadas para favorecer a coherencia dos seus pronunciamentos e para a unificación da súa doutrina en relación coas cuestións que sexan sometidas ao seu coñecemento. Os ditos órganos poderán, ademais, propor os axustes normativos e as recomendacións que resulten pertinentes para un mellor funcionamento dos mecanismos de recurso previstos na normativa sobre contratos públicos”

No ano 2023 o TACGal participou na reunión de coordinación celebrada en Sevilla baixo o impulso do Tribunal Administrativo de Recursos da Comunidade Autónoma de Andalucía, ao que agradecemos a súa realización.